

ria, pero claramente diferenciadas doutras profesións coas que de cotío traballan conxuntamente.

Boa proba diso é que dos 6.500 titulados superiores que orientaron a súa licenciatura ós coñecementos xeográficos, a metade exercen profesionalmente como tales. Así mesmo, as administracións públicas foron dotando e cubrindo un número significativo de prazas específicas para estas titulacións, cunha perspectiva cada vez maior.

Os xeógrafos profesionais e os docentes e investigadores en xeografía viñéronse agrupando e asociando desde hai tempo, tanto para fins profesionais como científicos, no ámbito estatal e autonómico, con estreitas relacións entre eles para acadaren un enriquecemento mutuo e unha mellor defensa dos seus comúns intereses, chegando a crear un organismo común chamado «Xestora do Colexio de Xeógrafos».

Por todo iso, parece chegado o momento de crear un Colexio Profesional de Xeógrafos como instrumento necesario para a regulación e ordenación da profesión e para a súa mellor disposición ó servizo da sociedade, así como para a defensa dos intereses profesionais en igualdade de condicións con outros titulados universitarios.

Artigo 1.

Créase o Colexio de Xeógrafos, como corporación de dereito público, que terá personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins con suxeición á lei.

Artigo 2.

1. O Colexio de Xeógrafos agrupará os licenciados en Xeografía. Poderanse integrar tamén no Colexio de Xeógrafos os licenciados en Xeografía e Historia (sección de Xeografía), e en Filosofía e Letras, licenciados con anterioridade á data que para as distintas universidades determinen os estatutos. Así mesmo, poderanse integrar aqueles titulados superiores que demostren ante os órganos de goberno do Colexio de Xeógrafos unha dedicación continuada á xeografía e cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan.

2. A colexiación terá os efectos establecidos pola lexislación xeral sobre colexios profesionais.

Artigo 3.

O Colexio de Xeógrafos relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Fomento.

Disposición transitoria primeira.

A Comisión Xestora do Colexio de Xeógrafos, xurdida da agrupación da Asociación de Geógrafos Españoles (AGE), a Real Sociedad Geográfica, a Asociación de Geógrafos Profesionales de Andalucía, a Associació de Geògrafs Professionals de Catalunya, a Associació de Geògrafs de les Illes Balears, GAIA Asociación Canaria de Geógrafos, GEA Asociación de Geografía de Asturias e a Asociación de Geógrafos de Galicia, farase cargo provisionalmente do Colexio de Xeógrafos ata a súa definitiva regulación e constitución dos seus órganos de goberno.

Disposición transitoria segunda.

O Ministerio de Fomento, logo de audiencia da «Xestora do Colexio de Xeógrafos», aprobará os estatutos provisionais do colexio, que regularán, conforme á lei,

os requisitos para a adquisición da condición de colexiado que permite participar nas eleccións dos órganos de goberno, o procedemento e prazo de convocatoria das mencionadas eleccións, así como da constitución dos órganos de goberno elixidos.

Disposición transitoria terceira.

Constituídos os órganos de goberno colexiados, segundo o establecido na disposición precedente, aqueles remitiranlle ó Ministerio de Fomento, no prazo de seis meses, os estatutos a que se refire a lexislación vixente sobre colexios profesionais.

Disposición derradeira única.

Facúltase o Ministerio de Fomento para dicta-las disposicións necesarias para a execución da presente lei.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10225 LEI ORGÁNICA 12/1999, do 6 de maio, de reforma da Lei orgánica 1/1983, do 25 de febreiro, de Estatuto de autonomía de Extremadura. («BOE» 109, do 7-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos quince anos desde a aprobación da Lei orgánica 1/1983, do 25 de febreiro, de Estatuto de autonomía de Extremadura, desenvolvida neste período con suficiente experiencia na organización e funcionamento das súas institucións de autogoberno, na asunción e exercicio de competencias previstas no propio Estatuto, ben no seu texto orixinal ou na reforma derivada do pacto autonómico de 1992, na organización, xestión e prestación de servizos e, en definitiva, no proceso de aplicación do Estado das Autonomías previsto no Título VIII da Constitución española que serve de marco e fundamento ó Estatuto da Comunidade Autónoma de Extremadura; parece oportuno e conveniente proceder a unha nova reforma da lei institucional básica de Extremadura, na que se trata de conseguir avances substanciais en catro direccións. A primeira, clarificando as esferas correspondentes ós poderes lexislativo e executivo, de maneira que permita un funcionamento máis correcto e mellor visualizado polos cidadáns da división de poderes en que se basea o noso sistema político, abrindo, ó mesmo tempo, a posibilidade de crear novos órganos que coadruven a esta mellora do funcionamento institucional da rexión.

A segunda, ampliando as competencias susceptibles de seren asumidas, a través dos procedementos permitidos pola nosa Constitución en materias tales como ferrocarrís, estradas, centros de contratación, cultura, ins-

titucións públicas de protección e tutela de menores, denominacións de orixe, protección do ambiente, defensa do consumidor e usuario, ordenación farmacéutica, ordenación do transporte de mercadorías e viaxeiros, xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social, etc.

En terceiro lugar ábrese o Estatuto de forma que permita a calquera forza política desenvolver os seus propios criterios de goberno, sen que a lei fundamental supoña unha pexa impeditiva para as diversas alternativas de Goberno. Neste sentido posibilitouse a aplicación dos distintos modelos de financiamento autonómico. Así mesmo, permítese a ampliación das competencias locais a través da transferencia ou delegación de competencias a municipios e provincias.

Por último, modifícanse substancialmente os procesos de investidura do presidente da Xunta de Extremadura, facultando o presidente da Cámara para propor candidatos, o que simplifica grandemente este proceso, amplíanse os períodos de sesións da Asemblea, establécense e regúlanse con precisión os supostos de delegación lexislativa, posibilitase a disolución anticipada da Asemblea, dentro de certos límites, e sen altera-la duración da lexislatura orixinaria.

En definitiva, abórdouse unha reforma en profundidade que, recollendo a experiencia acumulada, tanto desde o Goberno como desde os grupos parlamentarios, trata de racionalizar e introducir melloras técnicas en diversos preceptos que tiñan escasa aplicación ou perderan vixencia polo cumprimento de prazos previstos na Constitución ou no propio Estatuto.

Por todo isto, e en conclusión, a reforma do Estatuto de autonomía de Extremadura permite profundar na capacidade de autogoberno para a homologación e consolidación do Estado das Autonomías previsto na Constitución, asumir un maior número de competencias e reforma-lo funcionamento e o papel tanto da Xunta de Extremadura como da Asemblea.

Artigo único.

Os artigos da Lei orgánica 1/1983, do 25 de febreiro, de Estatuto de autonomía de Extremadura, reformada polas Leis orgánicas 5/1991, do 13 de marzo, e 8/1994, do 24 de marzo, que a seguir se relacionan, quedan redactados como segue:

1. «Artigo 2.

1. O territorio de Extremadura é o dos municipios abrangidos dentro dos actuais límites das provincias de Badaxoz e Cáceres.

2. A Comunidade Autónoma poderá estruturar, mediante lei, a súa organización territorial en municipios e comarcas, de acordo coa Constitución.»

2. «Artigo 6.

1. Os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos extremeños son os establecidos na Constitución.

2. As institucións da Comunidade Autónoma de Extremadura, dentro do marco da súa competencia, exercerán os seus poderes cos seguintes obxectivos básicos:

a) Eleva-lo nivel cultural e o traballo de tódolos extremeños.

b) Promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade dos extremeños sexan reais e efectivas.

c) Facilita-la participación de tódolos extremeños, e, en particular, da xuventude e das mulleres, na vida política, económica, cultural e social de Extremadura nun contexto de liberdade, xustiza e solidariedade entre tódolos extremeños.

d) Adopta-las medidas que promovan o investimento e fomenten o progreso económico e social de Extremadura propiciando o pleno emprego e a especial garantía de postos de traballo para a xuventude e para as mulleres de Extremadura, e a corrección dos desequilibrios territoriais na Comunidade.

e) Fomenta-lo benestar social e económico do pobo extremeño, en especial das capas sociais máis desfavorecidas, a través da extensión e mellora dos equipamentos sociais e servizos colectivos, con especial atención ó medio rural e ás comunicacións.

f) Promove-la solidariedade entre os municipios, comarcas e provincias da rexión e desta coas demais comunidades autónomas, de acordo coa Constitución, o presente Estatuto e as leis.

g) Potencia-las peculiaridades do pobo extremeño e o afianzamento da identidade extremeña, a través da investigación, a difusión, o coñecemento e o desenvolvemento dos valores históricos e culturais do pobo extremeño en toda a súa variedade e riqueza.

h) Impulsa-lo estreitamento dos vínculos humanos, culturais e económicos coa nación veciña de Portugal e cos pobos de Hispanoamérica sen prexuízo das atribucións que lle corresponden ó Estado e do interese xeral dos españois.

i) Asumir, como principal actuación, a defensa do dereito dos extremeños a viviren e a traballaren na súa terra e crea-las condicións que faciliten o regreso a ela dos seus emigrantes.

j) A creación das condicións favorables para o progreso social e económico da rexión velando pola consecución dun equilibrio económico adecuado e xusto con respecto ó resto das comunidades autónomas do Estado español.

k) A transformación da realidade económica de Extremadura, mediante a industrialización e a realización dunha reforma agraria, entendida como a transformación, modernización e desenvolvemento das estruturas agrarias, en calidade de elemento esencial para unha política de desenvolvemento e de fomento do emprego, no marco dunha política xeral de respecto e conservación do ambiente.

l) Propicia-la efectiva igualdade do home e da muller extremeños, promovendo a plena incorporación desta na vida social e superando calquera discriminación laboral, cultural, económica ou política.

m) Protexe-los dereitos e a dignidade dos menores, así como daquelas persoas que integran a denominada terceira idade.»

3. «Artigo 7.

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva nas seguintes materias:

1. Organización das súas institucións de autogoberno.

2. Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda.

3. Obras públicas de interese para a Comunidade Autónoma, dentro do seu territorio e que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado nin afecten outra comunidade autónoma.

4. Ferrocarrís, estradas e camiños, cun itinerario que se desenvolva integramente no territorio da rexión e, nos mesmos termos, os transportes terrestres, fluviais, por cable ou tubos, centros de contratación e terminais de carga en materia de transporte terrestre no ámbito da Comunidade.

5. Aeroportos, heliportos e portos deportivos e, en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais.

6. Agricultura, gandería e industrias agroalimentarias de acordo coa ordenación xeral da economía.

7. Os proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese da Comunidade Autónoma; augas mineiras, termais e subterráneas cando discorran integramente polo ámbito territorial da Comunidade Autónoma; a ordenación e a concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos cando as augas discorran integramente dentro do territorio de Estremadura.

8. Caza, pesca fluvial e lacustre. Acuicultura. Protección dos ecosistemas nos que se desenvolven estas actividades.

9. Feiras e mercados interiores. Establecemento de bolsas de valores e establecemento e regulación de centros de contratación de mercadorías, conforme a lexislación mercantil.

10. Fomento do desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional e, en especial, a creación e xestión dun sector público rexional propio da Comunidade Autónoma.

11. Artesanía.

12. Museos, arquivos e bibliotecas, conservatorios de música e danza e centros de belas artes, de interese da Comunidade Autónoma, de titularidade non estatal.

13. Patrimonio monumental, histórico, artístico, arqueolóxico de interese para a Comunidade Autónoma, sen prexuízo do previsto no artigo 149.1.28.^a da Constitución.

14. Folclore, tradicións e festas de interese histórico ou cultural.

15. Cultura, sen prexuízo do disposto no artigo 149.2 da Constitución, e defensa do dereito dos estremeños ás súas peculiaridades culturais.

16. Fomento da investigación científica e técnica para os intereses da rexión, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.15.^a da Constitución.

17. Promoción e ordenación do turismo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

18. Promoción do deporte e a adecuada utilización do lecer.

19. Promoción da participación libre e eficaz da xuventude e da muller no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

20. Asistencia e benestar social.

21. A vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións. A coordinación e demais facultades en relación coas policía locais nos termos que establece unha lei orgánica.

22. Casinos, xogos e apostas, con exclusión das apostas mutuo deportivo-benéficas e loterías nacionais.

23. Cooperativas, mutuas non integradas no sistema da Seguridade Social, respectando a lexislación mercantil.

24. Espectáculos públicos.

25. Estatística para fins de interese da Comunidade Autónoma.

26. Fundacións que desenvolvan principalmente as súas funcións na Comunidade Autónoma.

27. Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar, e as normas relacionadas coas industrias que están suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. O exercicio da competencia realizarase de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e números 11 e 13 da alínea 1 do artigo 149 da Constitución.

28. Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía cando o transporte non saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte a outra Comunidade Autónoma, sen prexuízo do establecido nos números 22 e 25 da alínea 1 do artigo 149 da Constitución.

29. Procedemento administrativo derivado das especialidades da organización propia.

30. Publicidade, sen prexuízo das normas dadas polo Estado para sectores e medios específicos de acordo cos números 1, 6 e 8 da alínea 1 do artigo 149 da Constitución.

31. Servicio meteorolóxico da Comunidade Autónoma.

32. Institucións públicas de protección e tutela de menores, de conformidade coa lexislación civil, penal e penitenciaria do Estado.

33. Comercio interior, de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131, e os números 11 e 13 da alínea 1 do artigo 149 da Constitución.

34. Denominacións de orixe, en colaboración co Estado.

35. Tratamento especial das zonas de montaña.

36. Caixas de aforro e institucións de crédito cooperativo público e territorial, no marco da ordenación xeral da economía e de acordo coas disposicións que en uso das súas facultades dicte o Estado.

2. No exercicio destas competencias corresponderalle á Comunidade Autónoma as potestades lexislativas e regulamentarias e a función executiva, respectando, en todo caso, o disposto nos artigos 140 e 149.1 da Constitución.»

4. «Artigo 8.

No marco da lexislación básica do Estado e nos termos que esta estableceza correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución de:

1. Réxime local na forma prevista no artigo 148.1.2.^a da Constitución e, en especial, a alteración dos termos e denominacións dos municipios abrangidos no seu territorio, así como a creación de organizacións de ámbito inferior e superior a eles, nos termos establecidos no artigo 2.2 deste Estatuto.

2. Montes, aproveitamento e servizos forestais, vías pecuarias, pastos e espazos naturais protexidos.

3. Ordenación e planificación da actividade económica rexional, no exercicio das competencias asumidas no marco deste Estatuto.

4. Sanidade e hixiene. Centros sanitarios e hospitalarios públicos. Coordinación hospitalaria en xeral.

5. Réxime estatutario dos funcionarios da Comunidade Autónoma e da Administración local.

6. Colexios profesionais e exercicio das profesións tituladas. Cámaras agrarias, cámaras de comercio e industria e demais corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

7. Defensa do consumidor e usuario, de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, as bases e a coordinación xeral da sanidade, nos termos do disposto nos artigos 38, 131, e nos números 11, 13 e 16 da alínea 1 do artigo 149 da Constitución.

8. Protección do ambiente. Normas adicionais de protección.

9. Réxime mineiro e enerxético.

10. Prensa, radio e televisión e outros medios de comunicación social, no marco das normas básicas que o Estado establece de acordo co número 27 da alínea 1 do artigo 149 da Constitución, así como no estatuto xurídico de radiotelevisión.

11. Ordenación farmacéutica.

12. Sistema de consultas populares no ámbito de Estremadura, de conformidade co que dispoña a lei á que se refire a alínea 3 do artigo 92 da Constitución e demais leis do Estado, correspondéndolle a este a autorización da súa convocatoria.»

5. «Artigo 9.

Correspóndelle á Comunidade Autónoma, nos termos que establezan as leis e as normas regulamentarias do Estado, a función executiva nas seguintes materias:

1. Distribución e xestión dos fondos para a protección do desemprego.

2. Asociacións que desenvolven principalmente as súas funcións na Comunidade Autónoma.

3. Feiras internacionais.

4. Xestión das prestacións e servizos sociais do sistema de Seguridade Social: Imserso. A determinación das prestacións do sistema, os requisitos para establecer as condicións do beneficiario e o financiamento efectuarase de acordo coas normas establecidas polo Estado no exercicio das súas competencias, de conformidade co disposto no número 17 da alínea 1 do artigo 149 da Constitución.

5. Xestión de museos, arquivos e bibliotecas de titularidade estatal, que non reserve o Estado para si. Os termos da xestión serán fixados mediante convenio.

6. Pesos e medidas. Contraste de metais.

7. Plans estatais de implantación ou reestruturación de sectores económicos.

8. Produtos farmacéuticos.

9. Propiedade industrial.

10. Propiedade intelectual.

11. Laboral. De conformidade co número 7 da alínea 1 do artigo 149 da Constitución, correspóndelle ó Estado a competencia sobre lexislación laboral e a alta inspección. Quedan reservadas ó Estado tódalas competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.

12. Ordenación do transporte de mercadorías e viaxeiros que teñan a súa orixe e destino dentro da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da execución directa que reserve o Estado para si.

13. A xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social, de acordo co previsto no número 17 da alínea 1 do artigo 149 da Constitución, reservando o Estado para si a alta inspección conducente ó cumprimento da función á que se refire este precepto.

14. Crédito, banca e seguros, de acordo coas previsións das regras 6, 11 e 13 da alínea 1 do artigo 149 da Constitución.»

6. «Artigo 10.

A Comunidade Autónoma, logo do acordo da Asemblea de Estremadura adoptado por maioría absoluta e por iniciativa da Xunta, poderá amplialo ámbito das súas competencias en materias que non estean atribuídas en exclusiva ó Estado, ou das que só estean atribuídas as bases ou principios. O acordo de asumir as novas competencias someterase

ás Cortes Xerais para a súa aprobación mediante lei orgánica. As novas competencias incorporaranse ó Estatuto mediante a súa reforma de acordo co procedemento previsto no artigo 62.

Así mesmo, poderá asumir competencias a través dos procedementos establecidos nos números 1 e 2 do artigo 150 da Constitución.»

7. «Artigo 11.

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma a conservación, defensa e protección do Fuero del Baylío e demais institucións de dereito consuetudinario.

2. Así mesmo, correspóndelle á Comunidade Autónoma a protección das peculiaridades lingüísticas e culturais, así como o acervo dos costumes e tradicións populares da rexión, respectando, en todo caso, as variantes locais e comarcais.»

8. «Artigo 12.

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, de acordo co disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que conforme a alínea 1 do seu artigo 81 o desenvolvan, e sen prexuízo das facultades que lle atribúe ó Estado o número 30 da alínea 1 do artigo 149, e da alta inspección para o seu cumprimento e garantía.

2. Para garantir unha prestación homoxénea e eficaz do servizo público da educación que permita corrixi-las desigualdades ou desequilibrios que poidan producirse, a Comunidade Autónoma facilitaralle á Administración do Estado a información que esta lle solicite sobre o funcionamento do sistema educativo nos seus aspectos cualitativos e cuantitativos e colaborará coa Administración do Estado nas actuacións de seguimento e avaliación do sistema educativo nacional.

3. Ademais das competencias en materia de ensino e centros universitarios previstos na alínea anterior e en relación con estes últimos a Comunidade Autónoma, dentro do seu territorio, asumirá as competencias e desempeñará as funcións que poidan corresponderlle no marco da lexislación xeral ou, se é o caso, das delegacións que puideran producirse, conforme o artigo 150.2 da Constitución, fomentando no ámbito universitario a investigación, especialmente referida a materias ou aspectos peculiares da Comunidade Autónoma.

4. As competencias de desenvolvemento lexislativo previstas no presente artigo regularanse por lei da Asemblea aprobada por maioría absoluta dos seus membros.»

9. «Artigo 13.

1. A Comunidade Autónoma de Estremadura poderá subscribir convenios con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos propios da exclusiva competencia destas. A subscrición dos citados convenios, antes da súa entrada en vigor, deberá ser comunicada ás Cortes Xerais e á Asemblea de Estremadura. Se as Cortes Xerais, algunha das Cámaras ou a Asemblea de Estremadura manifestan reparos no prazo de trinta días, a partir da recepción da comunicación, o convenio deberá seguir o requisito previsto na alínea seguinte.

Se transcorrido este prazo non se manifestasen reparos ó convenio, entrará en vigor.

2. Por proposta da Xunta de Extremadura, que deberá ser aprobada pola Asemblea, a Comunidade Autónoma poderá establecer tamén acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.»

10. «Artigo 14.

1. Tanto no exercicio das competencias propias como das que a Comunidade reciba do Estado por transferencia ou delegación, as súas institucións de goberno terán como obxectivo primordial promover, co apoio necesario do Estado, as condicións favorables para o progreso social e económico na rexión e velarán pola consecución dun equilibrio económico adecuado e xusto con respecto ó resto das comunidades do Estado español, cifrado nun nivel e calidade de vida para tódolos que viven e traballan en Extremadura igual, como mínimo, ós valores medios alcanzados no resto de España.

2. As competencias da Comunidade Autónoma serán exercidas de acordo cos principios de mutua colaboración, auxilio e información recíproca co resto dos poderes públicos do Estado.

3. Poderán subscribirse convenios coa Administración do Estado en asuntos de interese común dentro das súas respectivas competencias.

4. A Comunidade Autónoma de Extremadura participará na elaboración e execución dos plans e programas de interese xeral da Nación, formará parte dos órganos ou entidades de cooperación que se creen e, se é o caso, xestionará os fondos que sexan obxecto de distribución territorial.

5. Para o exercicio da competencia prevista no artigo 7.1.21 a Comunidade Autónoma poderá convir co Estado a adscrición dunha unidade do Corpo Nacional de Policía nos termos e para o exercicio das funcións previstas na lei orgánica aludida na regra 29.^a da alínea 1 do artigo 149 da Constitución.»

11. «Artigo 15.

1. A Comunidade Autónoma de Extremadura será informada polo Goberno da Nación do proceso de negociación e elaboración dos traballos e convenios internacionais que afecten a materias do seu específico interese, e poderá emitir, se é o caso, o seu parecer.

2. A Comunidade Autónoma executará os tratados e convenios internacionais subscritos polo Reino de España no que afecten a materias da súa competencia.»

12. «Artigo 16.

1. As relacións entre a Comunidade Autónoma e as entidades territoriais que a forman rexeranse polo establecido na lexislación do Estado e no presente Estatuto.

2. Nos termos que dispoña unha lei da Asemblea de Extremadura, a Comunidade Autónoma poderá articular a xestión ordinaria dos seus servizos a través das entidades locais de Extremadura.

Esta lei establecerá os mecanismos de dirección e control por parte da Comunidade.

3. A Comunidade Autónoma coordinará as funcións propias das deputacións provinciais que sexan de interese xeral de Extremadura. Para estes efectos, e no marco da lexislación do Estado, por unha lei da Asemblea de Extremadura, aprobada por maioría absoluta, estableceranse as fórmulas xerais de coordinación e a relación de funcións que deban ser coordinadas, fixándose, se é o caso, as singularidades que, segundo a natureza da función,

sexan indispensables para a súa máis adecuada coordinación.

4. A Comunidade Autónoma poderá transferir ou delegar nas deputacións e nos municipios, mediante lei aprobada por maioría absoluta, facultades correspondentes a materias da súa competencia. Esta lei preverá, en cada caso, a correspondente transferencia de medios financeiros, así como a forma de dirección e control que reserve para si a Comunidade.»

13. «Artigo 17.

A Xunta de Extremadura poderá participar nos órganos de xestión, control e administración das empresas nas que participe o Estado e particularmente nos monopolios estatais e empresas públicas que desenvolvan preferentemente a súa actividade na rexión. A designación dos seus membros corresponderalle ó órgano competente da Administración do Estado, logo da proposta da Xunta de Extremadura, que informará previamente a Asemblea, e no número e forma que estableza a lexislación do Estado.

A Xunta de Extremadura poderá elaborar e remitirle ó Goberno da Nación calquera informe, estudo ou proposta relativo á xestión dos monopolios estatais, empresas públicas ou servizos da Administración central do Estado na Comunidade para a súa incidencia na situación socioeconómica da rexión.

Os informes, estudos ou propostas serán obxecto de comunicación á Asemblea de Extremadura e o acordo que esta adopte, debidamente notificado, dará lugar a resolución motivada do Goberno da Nación ou dos organismos ou entidades titulares da participación das empresas.»

14. «Artigo 19.

1. A Asemblea, que representa o pobo estremeño, é inviolable e non poderá ser disolta agás nos supostos previstos no presente Estatuto.

2. Correspóndelle á Asemblea de Extremadura.

a) O exercicio da potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.

b) Promover e controla-la acción da Xunta de Extremadura.

c) Aproba-los orzamentos da Comunidade Autónoma.

d) Elabora-lo seu regulamento que para a súa aprobación e modificación esixirá a maioría absoluta da Cámara nunha votación final sobre o conxunto do proxecto.

e) Designar, de entre os seus membros, os senadores correspondentes á Comunidade Autónoma segundo o establecido no artigo 69.5 da Constitución. Estes senadores serán designados en proporción ó número de membros dos grupos políticos representados na Asemblea e o seu mandato rematará o día da disolución da Cámara.

f) Interpor recurso de inconstitucionalidade de acordo co disposto no artigo 162.1 a) da Constitución.

g) Solicitar do Goberno da Nación a adopción de proxectos de lei ou remitirle á Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de lei conforme ó artigo 87.2 da Constitución.

h) O control dos medios de comunicación social dependentes da Comunidade Autónoma.

i) Aprobar, por proposta da Xunta de Extremadura, os acordos de cooperación a que se refire o número 2 do artigo 13 deste Estatuto.

j) 1. Delegar na Xunta de Estremadura a potestade de dictar normas con rango de lei sobre materias determinadas, que non esixan unha maioría cualificada da Asemblea, nos seguintes supostos:

A) Cando teña por obxecto a formación de textos articulados; neste caso a delegación deberá outorgarse mediante unha lei de bases, que delimitará con precisión o obxecto e alcance da delegación lexislativa e os principios ou criterios que se seguirán no seu exercicio.

As leis de bases non poderán, en ningún caso, autoriza-la modificación da propia lei de bases nin facultar para dictar normas con carácter retroactivo.

B) Cando teña por obxecto refundir varios textos legais nun só, a delegación lexislativa farase por lei ordinaria de carácter específico, determinándose o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, especificando se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a de regularizar, aclarar e harmoniza-los textos legais que teñen que ser refundidos.

2. A delegación lexislativa deberá outorgárselle ó Goberno en forma expresa, para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio. A delegación extínguese polo transcurso deste prazo e polo uso que dela faga a Xunta de Estremadura mediante a publicación da norma correspondente. Non poderá entenderse concedida de modo implícito ou por tempo indeterminado. Tampouco poderá permiti-la subdelegación a autoridades distintas do propio Goberno rexional.

Sen prexuízo da competencia propia dos tribunais, as leis de delegación poderán establecer, en cada caso, fórmulas adicionais de control e, se é o caso, por requirimento de dous grupos parlamentarios ou do 15 por 100 dos deputados, deberá someterse a debate ou votación de totalidade o exercicio da delegación dentro dos trinta días seguintes á publicación do decreto lexislativo.

Cando unha proposición de lei sexa contraria a unha delegación lexislativa en vigor, a Xunta de Estremadura está facultada para oporse á súa tramitación; neste caso só poderá seguir esta despois dun debate e votación de totalidade na que se aprobe a derogación total ou parcial da lei de delegación nos termos que especifique o autor da proposición de lei ou emenda.

k) E calquera outra facultade ou función que se derive da Constitución, do presente Estatuto e do ordenamento xurídico vixente, instando especialmente polo cumprimento do principio de solidariedade nacional, expresado nos artigos 2 e 138 da Constitución.»

15. «Artigo 20.

1. A Asemblea elixirá, de entre os seus membros, un presidente, unha mesa e unha deputación permanente, de acordo co disposto no seu regulamento.

2. O presidente representa a Asemblea de Estremadura, dirixe as súas sesións, sostén a súa competencia e exerce aquelas funcións que lle encomende o Regulamento da Cámara ou a lei.

3. A mesa, que se compón do presidente e dos vicepresidentes e secretarios da Cámara, no número que estableza o regulamento, é o órgano de goberno interior desta, exerce as potestades administrativas para o seu funcionamento e elabora e executa o seu orzamento, de acordo coa lei.

4. A Deputación Permanente velará polos poderes da Cámara cando esta non se encontre reunida ou estea disolta.

5. O Regulamento da Cámara determinará o réxime xurídico e a elección destes órganos.»

16. «Artigo 21.

1. Os membros da Asemblea de Estremadura serán elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, de acordo con criterios de representación proporcional, en número máximo de 65 por un período de catro anos, sen prexuízo dos supostos de disolución anticipada.

Unha lei da Comunidade, aprobada por maioría absoluta, regulará o procedemento de elección.

2. A circunscrición electoral é a provincia. A lei distribuirá o número total de membros da Asemblea, asignando unha representación mínima inicial a cada circunscrición e distribuindo os demais en proporción á poboación.

3. Serán electores e elixibles os cidadáns que, tendo a condición política de estremeños, estean en pleno uso dos seus dereitos políticos.

4. As eleccións serán convocadas polo presidente da Xunta de Estremadura nos termos previstos na lei que regule o réxime electoral xeral, de maneira que se realicen o cuarto domingo de maio cada catro anos, sen prexuízo do que dispoñan as Cortes Xerais, co fin exclusivo de coordina-lo calendario das diversas consultas electorais.

5. A Asemblea electa será convocada polo presidente da Xunta cesante dentro dos quince días seguintes á celebración das eleccións.»

17. «Artigo 22.

Sen prexuízo do establecido nas leis do Estado, a Asemblea de Estremadura establecerá un sistema específico de inelixibilidade e incompatibilidade para acceder a ela.»

18. «Artigo 23.

1. A iniciativa lexislativa correspóndelles ós membros da Asemblea e á Xunta de Estremadura nos termos que estableza o Regulamento da Asemblea e o presente Estatuto.

2. A iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei que teñan que ser tramitadas pola Asemblea serán avaladas por un número de sinaturas acreditadas non inferior ó 5 por 100 do censo electoral, e será exercida nos termos que determine unha lei da Asemblea de Estremadura, de acordo co que estableza a lei orgánica prevista no artigo 87.3 da Constitución.»

19. «Artigo 24.

1. Os membros da Asemblea gozarán, aínda despois de cesaren no seu mandato, de inviolabilidade polos votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos no territorio da Comunidade senón en caso de flagrante delicto, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ó Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade. Fóra do dito territorio a responsabilidade penal será esixible, nos mesmos termos, ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

2. Os membros da Asemblea representan a totalidade da rexión e non están suxeitos a mandato imperativo.»

20. «Artigo 27.

1. A Asemblea reunirse en sesións ordinarias e extraordinarias.

2. Os períodos ordinarios de sesións serán dous, que comprenderán os meses de setembro

a decembro, ámbolos dous incluídos, e de febreiro a xuño, ámbolos dous incluídos.

3. As sesións extraordinarias deberán ser convocadas polo seu presidente, con especificación, en todo caso, da orde do día, por petición da Deputación Permanente, dunha quinta parte dos membros da Asemblea de Extremadura ou do número de grupos parlamentarios que o regulamento determine, así como por petición da Xunta de Extremadura.

4. O regulamento regulará o réxime de sesións da Asemblea de Extremadura.»

21. «Artigo 28.

1. A Asemblea funcionará en pleno e en comisións.

2. Para seren válidos os acordos, tanto en pleno como en comisión, deberán adoptarse en reunións regulamentarias con asistencia da maioría dos seus compoñentes e coa aprobación da maioría de votos, excepto nos casos en que o Regulamento da Asemblea ou a lei esixan unha maioría cualificada.»

22. «Artigo 31.

1. O presidente da Asemblea de Extremadura, logo de consulta ós portavoces designados polos grupos parlamentarios, no prazo de quince días desde a constitución do Parlamento, propondrá un candidato á Presidencia da Xunta. O candidato deberá ser presentado, polo menos, pola cuarta parte dos membros da Asemblea.

2. O candidato proposto presentará o seu programa á Asemblea dentro do mes seguinte á súa designación e, tralo correspondente debate, procederase á súa elección.

3. Para ser proclamado presidente da Xunta de Extremadura, o candidato deberá obter a maioría absoluta. De non obtela procederase a unha nova votación corenta e oito horas despois da primeira.

Se non obtiver maioría simple na segunda votación, o presidente da Asemblea poderá reiniciar o proceso de investidura con outro candidato que reúna tamén os requisitos previstos na alínea 1 deste artigo.

4. O proceso poderá repetirse tantas veces o considere oportuno o presidente da Asemblea, pero se no prazo de dous meses, a partir da primeira votación, ningún dos candidatos fose elixido presidente, a Asemblea quedará disolta e a súa Deputación Permanente convocará novas eleccións.»

23. «Artigo 34.

1. O presidente da Xunta de Extremadura, logo de deliberación do Consello de Goberno e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá acordar a disolución da Asemblea de Extremadura, mediante decreto no que se convocarán pola súa vez eleccións e se establecerán cantos requisitos esixa a lexislación electoral aplicable. O mandato da nova Asemblea rematará, en todo caso, cando debese facelo o da disolta.

2. O decreto de disolución non poderá aprobarse cando estea en trámite unha moción de censura, nin acordarse durante o primeiro período de sesións, nin antes de que transcorra un ano desde a anterior disolución ou falte menos dun ano para extinguirse o mandato da electa. Así mesmo, tampouco poderá aprobarse a disolución da Asemblea cando se encontre convocado un proceso electoral estatal.»

24. «Artigo 35.

Os membros da Xunta de Extremadura son nomeados e separados libremente polo presidente, dando conta á Asemblea.»

25. «Artigo 37.

1. A Xunta de Extremadura é o órgano colexiado que exerce as funcións propias do Goberno da Comunidade.

2. Así mesmo, exercerá aquelas que lle sexan encomendadas por lei e, en especial, interpoñer o recurso de inconstitucionalidade, presentar e comparecer como parte, por propia iniciativa ou logo do acordo da Asemblea, ante o Tribunal Constitucional nos conflitos de competencia a que se refire o artigo 161.1.c) da Constitución.»

26. «Artigo 38.

1. A Xunta de Extremadura cesa trala celebración de eleccións á Asemblea, nos casos da perda de confianza parlamentaria ou por dimisión ou falecemento do seu presidente.

2. A Xunta de Extremadura cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta.»

27. «Artigo 40.

1. O réxime xurídico e administrativo da Xunta será regulado nunha lei da Asemblea.

2. A responsabilidade penal do presidente da Xunta e dos conselleiros será esixible ante o Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura, polos actos delictivos cometidos dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Fóra deste, tal responsabilidade será esixible ante a Sala do Penal correspondente do Tribunal Supremo. A responsabilidade civil por feitos relativos á súa función será esixible ante aquel Tribunal Superior.»

28. «Artigo 41.

1. O Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura, con sede na cidade de Cáceres, é o órgano no que culmina a organización xudicial de Extremadura.

2. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura representa ordinariamente o poder xudicial no territorio da Comunidade Autónoma, será nomeado por el-rei por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial. O seu nomeamento será publicado no "Diario Oficial" da Comunidade Autónoma.»

29. «Artigo 42.

A competencia dos xulgados e tribunais da Comunidade Autónoma de Extremadura será a establecida nas leis orgánicas e procesuais do Estado. Non obstante, en materia civil estenderase a tódalas instancias e graos, incluídos os recursos de casación e revisión en cuestións relacionadas co Fuero del Baylío e as demais institucións de dereito consuetudinario extremeño.»

30. «Artigo 43.

En relación coa Administración de xustiza corresponden á Asemblea de Extremadura, e de acordo coas leis orgánicas e procesuais do Estado:

a) Fixar por lei a capitalidade das demarcacións xudiciais de ámbito inferior á provincia.

b) Presentar ó Consello Xeral do Poder Xudicial a terna de xuristas de recoñecida competencia e prestixio, para prove-las prazas vacantes que corresponda cubrir no Tribunal Superior de Xustiza, de acordo co disposto na Lei orgánica do Poder Xudicial.»

31. «Artigo 44.

1. Correspóndelle á Xunta de Extremadura, de conformidade co disposto nas leis orgánicas e procesuais do Estado:

a) Exerce-las facultades que a Lei orgánica do Poder Judicial lle recoñeza ou atribúa o Goberno do Estado.

b) Participar na fixación das demarcacións xudiciais extremeñas.

2. Os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís e outros fedatarios públicos, serán nomeados pola Xunta de Extremadura de conformidade coas leis do Estado. A Comunidade Autónoma participará na fixación das demarcacións correspondentes ós rexistros da propiedade e mercantís. Tamén participará na fixación das demarcacións notariais e do número de notarios, de acordo co previsto nas leis do Estado.»

32. «Artigo 45.

En Extremadura propiciarase a participación dos cidadáns na Administración de xustiza nas formas que a lexislación estatal prevexa.»

33. «Artigo 46.

1. As leis da Asemblea de Extremadura estarán excluídas do recurso contencioso-administrativo e unicamente suxeitas ó control da súa constitucionalidade, exercido polo Tribunal Constitucional.

2. Contra as normas regulamentarias, así como contra os actos e acordos dos órganos executivos e administrativos da Comunidade Autónoma, poderase recorrer ante a xurisdicción contencioso-administrativa e, se é o caso, ante a xurisdicción competente que corresponda.

3. Respecto á revisión dos actos en vía administrativa aplicarase o disposto na lexislación básica do Estado, sen prexuízo do seu desenvolvemento e da adaptación ás peculiaridades organizativas da Comunidade Autónoma de Extremadura.»

34. «Artigo 47.

En exercicio das súas competencias, a Comunidade Autónoma gozará das facultades e privilexios propios da Administración do Estado, entre os que se comprenderán:

a) A presunción de lexitimidade e o carácter executivo dos seus actos, así como os poderes de execución forzosa e revisión.

b) A potestade expropiatoria e os poderes de investigación, deslinde e recuperación de oficio en materia de bens.

c) A potestade de sanción, dentro dos límites que estableza a lei e as disposicións que a desenvolven.

d) A inembargabilidade dos seus bens e dereitos e os privilexios de prelación, preferencia e demais recoñecidos á Facenda Pública en materia de cobros de crédito ó seu favor. Estas preferencias ou prelacións entenderanse sen prexuízo das que correspondan á Facenda Pública do Estado segundo a súa regulación específica.

e) A Comunidade Autónoma estará exceptuada da obriga de prestar toda clase de caucións ou garantías ante os tribunais de calquera xurisdicción ou organismo administrativo.

f) A comparecencia en xuízo nos mesmos termos que a Administración do Estado.

g) A fe pública dos seus actos nos termos que determine a lei.

h) En xeral, calquera outra facultade de autotutela que lle recoñeza o ordenamento xurídico vixente.»

35. «Artigo 49.

1. As leis da Asemblea de Extremadura serán promulgadas en nome de el-rei polo presidente, no prazo de quince días, que disporá a súa publicación no "Diario Oficial" da Comunidade Autónoma. As leis da Asemblea serán publicadas igualmente no "Boletín Oficial del Estado".

2. As leis da Asemblea de Extremadura entrarán en vigor ós vinte días da súa publicación no "Diario Oficial", agás que nelas se dispoña outra cousa.»

36. «Artigo 51.

Unha lei da Asemblea creará e regulará o funcionamento dun órgano de carácter consultivo non vinculante que dictaminará, nos casos que a propia lei determine, sobre a adecuación, ó presente Estatuto e ó ordenamento xurídico vixente, das normas, disposicións ou leis que teñan que ser aprobadas polos órganos da Comunidade Autónoma.»

37. «Artigo 52.

Unha lei da Asemblea creará e regulará o réxime xurídico e o funcionamento dun órgano similar ó Defensor do Pobo previsto no artigo 54 da Constitución; o seu titular deberá ser elixido polas tres quintas partes dos membros da Asemblea de Extremadura.»

38. «Artigo 53.

Unha lei da Asemblea creará e regulará o réxime xurídico e o funcionamento dun órgano de control económico e orzamentario das institucións da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das atribucións do Tribunal de Contas do Estado.»

39. «Artigo 57.

Para o exercicio das súas competencias, a Facenda da Comunidade Autónoma de Extremadura disporá de:

a) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.

b) Os seus propios tributos e prezos públicos.

c) Os tributos cedidos, total ou parcialmente, polo Estado e as recargas que sobre os impostos estatais poidan establecerse.

d) As participacións nos ingresos do Estado.

e) O produto das operacións de crédito.

f) O produto das multas e sancións no ámbito da súa competencia.

g) Outras asignacións con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

h) As subvencións ou achegas de fondos doutras administracións públicas polo exercicio de accións concertadas.

i) Calquera outro ingreso de dereito público ou privado.

j) As transferencias do Fondo de Compensación Interterritorial e outros Fondos previstos na Constitución e nas leis do Estado.»

40. «Artigo 58.

Correspóndelle á Asemblea de Extremadura:

a) Establecer, modificar e suprimi-los tributos propios da Comunidade Autónoma, de acordo coa Constitución e as leis, por iniciativa propia ou da Xunta de Extremadura, na forma prevista neste Estatuto para o exercicio da potestade lexislativa.

Igualmente, poderá regula-los tributos cedidos nos termos da lei de cesión acordada de conformidade co disposto na disposición adicional primeira deste Estatuto.

b) Establecer, modificar e suprimi-las recargas sobre os impostos do Estado na forma prevista neste Estatuto para o exercicio da potestade legislativa e de acordo coa Constitución e as leis.

c) Autoriza-la Xunta de Extremadura para concertar operacións de crédito por prazo superior a un ano e con destino exclusivamente a gastos de investimento. O importe total das anualidades de amortización por capital e xuros non poderá exceder do 25 por 100 dos ingresos correntes da Comunidade Autónoma.

d) Aproba-la solicitude de autorización ó Estado, formulada pola Xunta de Extremadura, para concertar operacións de crédito no extranxeiro, así como a emisión de débeda ou calquera outra apelación ó crédito público.

A débeda pública de Extremadura e os títulos-valores de carácter análogo emitidos pola Comunidade Autónoma de Extremadura terán, para tódolos efectos, a consideración de fondos públicos e gozarán dos mesmos beneficios e condicións cós do Estado.

e) Autoriza-la Xunta de Extremadura para negociar-la participación da Comunidade na recadación dos impostos estatais non cedidos, para o que se terán en conta as bases establecidas na Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.

Así mesmo, autoriza-la Xunta de Extremadura para solicitar-la revisión da porcentaxe de participación fixada nos impostos estatais non cedidos.

f) Autoriza-la Xunta de Extremadura para que solicite do Estado asignacións complementarias a través dos orzamentos xerais do Estado para garanti-lo nivel mínimo na prestación dos servizos públicos fundamentais que asumise. Coñece-la rendición anual de contas presentadas pola Xunta de Extremadura ante as Cortes Xerais sobre a utilización das ditas asignacións e o nivel de prestación alcanzado nos servizos con elas financiados.

g) Coñecer e, se é o caso, censura-los acordos convidos pola Xunta de Extremadura co Estado e coas comunidades autónomas nos que se determinen os proxectos en que se materializan os investimentos realizados con cargo ó Fondo de Compensación Interterritorial.

Coñecer e, se é o caso, censura-la rendición de contas anual presentada pola Xunta de Extremadura ás Cortes Xerais do destino dos recursos recibidos con cargo ó dito Fondo de Compensación Interterritorial e do estado de realización dos proxectos que con cargo a este estean en curso de execución.»

41. «Artigo 60.

Correspóndelle á Xunta de Extremadura, sen prexuízo do disposto no artigo anterior e concordantes deste estatuto:

a) A elaboración e execución do orzamento da Comunidade Autónoma, que se deberá presentar á Asemblea para o seu exame, emenda, aprobación e control antes do 15 de outubro de cada ano.

Este orzamento será único, con carácter anual, e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos dos organismos, institucións e empresas dependentes da Comunidade, e nel consignarase o importe dos beneficios fiscais que afecten a tributos cedidos á Comunidade Autónoma. No orzamento incluírase o da Asemblea de Extremadura, elaborado e apro-

bado autonomamente pola súa mesa, e o crecemento deste non poderá exceder dos criterios xerais fixados para a elaboración daquel.

Se a lei de orzamentos non se aproba antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, considerarase prorrogado o orzamento do exercicio anterior ata a aprobación do novo.

b) A conformidade para tramitar toda proposición ou emenda que supoña aumento dos créditos ou diminución dos ingresos orzamentarios.

c) A aprobación e aplicación dos regulamentos xerais dos seus propios tributos.

d) A promoción e realización, conxuntamente co Estado, de proxectos concretos de investimento coa correspondente aprobación, en cada caso, da Asemblea de Extremadura, aínda cando os recursos financeiros que se comprometan pola Comunidade proveñan total ou parcialmente das transferencias do Fondo de Compensación a que tiver dereito de acordo coa lei.

e) A xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos propios da Comunidade Autónoma, así como as atribucións necesarias para a execución e organización das ditas tarefas, mesmo o establecemento da adecuada colaboración coa Administración tributaria do Estado.

f) Asumir, por delegación do Estado, a xestión, liquidación, inspección e revisión, se é o caso, dos tributos cedidos, así como o establecemento da adecuada colaboración coa Administración tributaria do Estado.

g) Realizar operacións de crédito por prazo inferior a un ano, con obxecto de cubri-las súas necesidades transitorias de tesourería, dándolle conta á Asemblea de Extremadura.

h) Calquera outra facultade que, coa aceptación da Xunta de Extremadura, a Administración tributaria do Estado delegue na Comunidade Autónoma, en materia de xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión dos demais tributos do Estado recadados en Extremadura.

i) Propórllle á Asemblea de Extremadura para a súa tramitación, como proxecto de lei, a constitución de empresas públicas ou institucionais que fomenten a plena ocupación e o desenvolvemento económico e social no marco das súas competencias.

j) Designar representantes da Comunidade nos órganos económicos, institucionais, financeiros e nas empresas públicas do Estado con competencia que se estenda ó territorio de Extremadura e que pola súa natureza non sexa obxecto de transferencia, de acordo co que establezan as leis do Estado e dando conta á Asemblea de Extremadura.

k) Designa-los membros correspondentes á Comunidade Autónoma na comisión ou outros organismos de carácter mixto, dando conta á Asemblea.»

42. «Artigo 61.

1. A Comunidade Autónoma, como poder público, mediante acordo da Asemblea e por proposta da Xunta de Extremadura, poderá facer uso das facultades previstas no artigo 130 da Constitución, presentando especial atención ás necesidades da agricultura e a gandería.

2. Así mesmo, de acordo coa lexislación do Estado na materia, poderá fomenta-las sociedades cooperativas e facer uso das demais facultades previstas no artigo 129.2 da Constitución.

3. Toda a riqueza da rexión, nas súas distintas formas e calquera que sexa a titularidade, está subordinada ós intereses xerais da Comunidade.

4. De acordo co establecido no artigo 8, a Comunidade Autónoma poderá, mediante lei, planificar a actividade económica rexional, no marco da planificación xeral do Estado.

5. A Comunidade Autónoma, dentro das normas xerais do Estado, poderá adoptar medidas que posibiliten a captación e afirmación do aforro rexional.

6. Recoñécese a iniciativa pública na actividade económica, mediante lei, e a participación social en organismos e institucións cunha función que afecte a calidade de vida.

7. A Comunidade Autónoma poderá, a través da lei correspondente, constituír un órgano económico-administrativo que coñeza e resolva as reclamacións interpostas contra os actos dictados pola Administración tributaria da Comunidade Autónoma cando se trate de tributos propios desta, tanto se se substancian cuestións de feito como de dereito.»

43. «Disposición adicional primeira.

1. Cédenselle á Comunidade Autónoma, nos termos previstos na alínea 3 desta disposición, os tributos relativos ás seguintes materias:

- a) Impostos sobre o patrimonio neto.
- b) Impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- c) Impostos sobre sucesións e doazóns.
- d) A imposición xeral sobre as vendas na súa fase retalista.
- e) Os impostos sobre consumos específicos na súa fase retalista, agás os recadados mediante monopolios fiscais.
- f) As taxas e demais exaccións sobre o xogo.

A eventual supresión e modificación dalgún destes impostos implicará a extinción da cesión.

2. O contido desta disposición poderase modificar mediante o acordo do Goberno coa Comunidade Autónoma, sendo tramitado polo Goberno como proxecto de lei ordinaria.

3. O alcance e condicións da cesión serán establecidos pola Comisión Mixta de Transferencias, con suxeición ós criterios establecidos no artigo 10, alínea 4, da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas. O Goberno tramitará o acordo da cesión como proxecto de lei.»

44. «Disposición adicional terceira.

O traspaso dos servizos inherentes ás competencias que, segundo o presente Estatuto, lle corresponden á Comunidade Autónoma farase de acordo coas seguintes bases:

1. A Comisión Mixta de Transferencias será a encargada de inventariar os bens e dereitos do Estado que deban ser obxecto de traspaso á Comunidade Autónoma, de concreta-los servizos e funcionarios que deban traspasarse, e de proceder á adaptación, se é preciso, dos que pasen á competencia da Comunidade Autónoma.

2. A Comisión Mixta reunirse a pedimento do Goberno ou da Xunta, establecerá as súas propias normas de funcionamento e elevará os seus acordos ó Goberno para a promulgación como real decreto.

3. A Comisión Mixta establecerá os calendarios e prazos para o traspaso de cada servizo, de modo que a Comunidade reciba bloques orgánicos de materias e competencias que permitan, desde a recepción, unha racional e homoxénea xestión dos servizos públicos.

4. Para prepara-los traspasos e para verificalos, a Comisión Mixta de Transferencias estará asistida por comisións sectoriais de ámbito nacional, agrupadas por materias, que terán como cometido fundamental determinar, coa representación da Administración do Estado, os traspasos de competencias e medios persoais, financeiros e materiais que deba recibila Comunidade Autónoma. As comisións sectoriais trasladarán as súas propostas de acordo á Comisión Mixta, que as deberá ratificar.

5. Será título suficiente para a inscrición no Rexistro da Propiedade o traspaso de bens inmoables do Estado á Comunidade Autónoma, a certificación da Comisión Mixta dos acordos gobernamamentais debidamente promulgados. Esta certificación deberá conte-los requisitos esixidos pola Lei hipotecaria.

O cambio de titularidade dos contratos de arrendamento de locais para oficinas públicas dos servizos que se transfiran non dará dereito ó arrendador a extinguir ou renova-lo contrato.»

45. «Disposición adicional cuarta.

Ata que se complete o traspaso de servizos orgánicos correspondentes ás competencias asignadas á Comunidade por este Estatuto ou, en calquera caso, ata que se cumpran seis anos, o Estado garantirá o financiamento dos servizos transferidos por unha cantidade igual ó custo efectivo do servizo en Estremadura no momento da transferencia.»

46. «Disposición adicional quinta.

O Estado outorgaralle, en réxime de concesión, á Comunidade Autónoma a utilización dunha terceira canle de TV de titularidade estatal, que deberá crearse especificamente para a súa emisión no territorio de Estremadura, nos termos que prevexa a citada concesión. Esta canle poderá ser explotada directamente pola Comunidade, por medio de organismo autónomo, empresa pública ou de economía mixta ou mediante concesión administrativa, nos termos que prevexa a lexislación básica estatal.»

47. «Disposición adicional sexta.

1. Os funcionarios adscritos á Administración do Estado e a outras administracións públicas que resulten afectados pola entrada en vigor deste Estatuto e polos traspasos de competencias á Xunta de Estremadura pasarán a depender desta, séndolles respectados tódolos dereitos de calquera outra natureza que lles corresponda no momento do traspaso, de acordo co réxime xurídico específico vixente, en cada caso, no dito momento.

Conservarán a súa situación administrativa, o seu nivel retributivo e o seu dereito a participar nos concursos de traslado que convoque a Administración respectiva, en igualdade de condicións cós restantes membros do corpo ou escala ó que pertencen, e poderán exercer-lo seu dereito permanente de opción de acordo coa lexislación vixente respectiva.

2. A Xunta de Estremadura quedará subrogada na titularidade dos contratos sometidos ó dereito administrativo ou ó dereito laboral, que vinculen ó personal desta natureza e que resulten afectados pola entrada en vigor deste Estatuto e polos traspasos de competencias á Xunta de Estremadura.»

Disposición derogatoria única.

Quedan derogados os seguintes preceptos:

- Artigo 18.
- Artigo 25.
- Artigo 28.

Artigo 44.
 Artigo 46.
 Artigo 47.
 Disposición transitoria primeira.
 Disposición transitoria segunda.
 Disposición transitoria terceira.
 Disposición transitoria cuarta.
 Disposición transitoria quinta.
 Disposición transitoria sexta.
 Disposición transitoria sétima.
 Disposición transitoria oitava.

Disposición derradeira primeira.

Os preceptos enumerados a seguir, que manteñen o seu texto inalterado, modifican a súa numeración na forma que se indica:

O artigo 19 pasa a se-lo artigo 18.
 O artigo 27 pasa a se-lo artigo 25.
 O artigo 29 pasa a se-lo artigo 26.
 O artigo 32 pasa a se-lo artigo 29.
 O artigo 33 pasa a se-lo artigo 30.
 O artigo 35 pasa a se-lo artigo 32.
 O artigo 36 pasa a se-lo artigo 33.
 O artigo 38 pasa a se-lo artigo 36.
 O artigo 41 pasa a se-lo artigo 39.
 O artigo 51 pasa a se-lo artigo 48.
 O artigo 53 pasa a se-lo artigo 50.
 O artigo 55 pasa a se-lo artigo 54.
 O artigo 56 pasa a se-lo artigo 55.
 O artigo 57 pasa a se-lo artigo 56.
 O artigo 60 pasa a se-lo artigo 59.
 O artigo 63 pasa a se-lo artigo 62.
 O artigo 64 pasa a se-lo artigo 63.

Disposición derradeira segunda.

A presente reforma do Estatuto de autonomía de Extremadura entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 6 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
 JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10226 *CORRECCIÓN de erros da Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non-residentes e normas tributarias.* («BOE» 109, do 7-5-1999.)

Advertidos erros no texto da Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non-residentes e normas tributarias, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 7 en lingua galega, do 26 de decembro de 1998, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 454, primeira columna, artigo 23, número 4, primeiro parágrafo, liña quinta, onde di: «... números 2 e 3a), e no capítulo II do título VIII, da...», debe dicir: «... números 2 e 3.a) e no título VIII da...».

Na páxina 455, primeira columna, artigo 30, número 1, parágrafo c), liña segunda, onde di: «... estable-

cemento permanente; ou sen establecemento...», debe dicir: «... establecemento permanente, ou sen establecemento...».

Na páxina 456, segunda columna, disposición adicional segunda, primeiro parágrafo, liña segunda, onde di: «... Lei 19/1991, do 6 de xuño, quedará...», debe dicir: «... Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, quedará...».

10227 *CORRECCIÓN de erros da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.* («BOE» 109, do 7-5-1999.)

Advertidos erros no texto da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 2 en lingua galega, do 28 de xaneiro de 1999, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 188, segunda columna, artigo 6 bis, segunda liña, onde di: «... artigo 65 que deixa fóra...»; debe dicir: «... artigo 65, que deixa fóra...». Na páxina 189, primeira columna, artigo 7, punto sexto. 3, parágrafo 2.º, segunda liña, onde di: «... artigo 56, número 6 desta lei...»; debe dicir: «... artigo 55, número 6, desta lei...».

Na páxina 196, primeira columna, artigo 18, punto 21.º 1, quinta liña, onde di: «... recoñecidas polas leis, de acordo con eles...»; debe dicir: «... recoñecidas polas leis e comunidades autónomas que o soliciten, nos termos que regulamentariamente se establece.».

Na páxina 206, primeira columna, a rúbrica e o primeiro parágrafo do artigo 35, deben entenderse publicados da seguinte forma:

«Artigo 35. Modificación da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social.

Modifícanse os artigos 2, 14, 15, 16, 17, 18, 25, 27, 28, 30, 36, 46 e 47 da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, nos seguintes termos:».

Na páxina 207, segunda columna, punto quince, primeira liña, onde di: «... a Sección 2.ª do...»; debe dicir: «... a Sección 3.ª do...». E na liña terceira, onde di: «Sección 3.ª»; debe dicir: «Sección 2.ª».

Na páxina 229, segunda columna, artigo 84, punto dous, nas liñas primeira e cuarta, onde di: «artigo 87»; debe dicir: «artigo 88».

Na páxina 231, segunda columna, a rúbrica do artigo 94, debe entenderse publicada como: «Modificación da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións».

Na páxina 232, segunda columna, artigo 94, punto doce, as nove primeiras bandas de frecuencias deben ir precedidas do signo menos, e, en todas elas, onde di: «FV»; debe dicir: «µV».

Na páxina 233, primeira columna, artigo 95, punto cinco, onde di: «O parágrafo cuarto...»; debe dicir: «O parágrafo terceiro...». E, onde di: «O parágrafo noveno...»; debe dicir: «O parágrafo oitavo...».

Na páxina 250, segunda columna, disposición adicional trixésimo terceira, o punto 1, debe entenderse publicado da forma seguinte:

«Aplicarase ás infraccións administrativas de contrabando o disposto no artigo 5, artigo 6, números 1 e 2, e nos artigos 7, 8, 9 e 10 da presente lei».